

boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia



Nº24 SETEMBRO 2005



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

ASEDES, ÓNDE ESTAMOS E QUÉ QUEREMOS SER

Cando se constitúe ASEDES (Asociación Estatal de Educación Social) a finais de 2000, o total de colexiados/as adscritos ás organizacións que a formaban era de 6.316 (assemblea 2001), actualmente somos algo máis de 8.000.

Despois de case cinco anos de vida, podemos dicir que temos unha organización estatal, polo menos no estrutural, bastante consolidada. Actualmente pertencen a ela nove colexios e catro asociacións; ASEDES traballa tamén estreitamente con territorios onde o asociacionismo profesional non conseguira consolidar unha estrutura asociativa, como foi o caso de Canarias, ou onde as organizacións tomaron, por unha ou outra razón, un tempo de distancia, como sucede en Navarra.

ASEDES, seguindo o mandato dos seus estatutos e respondendo aos fins para os que foi creada, segue aportando á profesión, os eixes que consideramos básicos: **o coñecemento e a formación, as competencias e funcións, a dimensión ética do concepto de profesión, a organización do colectivo.**

O COÑECEMENTO E A FORMACIÓN

Ten entre os seus haberes:

- A coorganización no terceiro Congreso “Ética e calidade na acción socioeducativa”, en 2001, simultaneamente co XV Congreso mundial da Asociación Internacional de Educadores Sociales, (AIEJI) e no IV Congreso Estatal de Políticas Socioeducativas “Retos e Propostas no século XXI, celebrado en Santiago de Compostela en outubro de 2004.
- As primeiras Xornadas estatais de educación social “A educación social, escenarios de futuro” en Madrid, en xuño de 2003.
- I e II Simposio europeo de Asociacións Profesionais. (2004 e 2005)
- Iniciar a preparación do vindeiro Congreso estatal de educadores e educadoras sociais que terá lugar en Toledo no 2007.
- Apoiar economicamente, crear canles de participación e elaborar materiais para o XVI Congreso Mundial de AIEJI que se celebrará no próximo mes de novembro en Uruguai.
- O apoio aos espazos formativos dos diferentes territorios.
- A creación dunha comisión de “**definición da Educación Social**”, que dotou finalmente ao colectivo dunha definición consensuada de educación social, aprobada na assemblea de Toledo en 2004.
- Participar no estudo da ANECA sobre a converxencia europea das titulacións.
- Traballar polo consenso nun posicionamento común ante o título de grao de Educación Social.
- Manter o Portal de EDUSO (www.eduso.net)
- Crear un Observatorio de expertos en Educación Social.

AS COMPETENCIAS E FUNCIÓNS

No estatal, a antiga “comisión de definición” pasou agora a asumir o encargo de traballar no mesmo sentido sobre as competencias e funcións profesionais, dende un plano teórico, no mesmo campo dende outra perspectiva traballa a comisión de “**condicións sociolaborais.**”

No internacional, participase na **Plataforma Común** que elaboran as Asociacións Profesionais Europeas de Educadores Sociais, esta plataforma xorde a raíz da Directiva Europea sobre cualificacións profesionais, que estuda a posibilidade de que os diferentes colectivos profesionais establezan a súa Plataforma Común para beneficiarse da libre circulación de profesionais dentro do mercado europeo.

Respecto á **DIMENSIÓN ÉTICA DO CONCEPTO DE PROFESIÓN**, dende ASEDES traballouse neste tempo coas bases do compromiso adquirido e o traballo realizado no terceiro congreso “Ética e calidade na acción socioeducativa”, na construción e asunción dun código deontolóxico como conxunto de normas orientadoras da conduta profesional, que aspiran a mellorar a calidade do traballo que se ofrece á cidadanía.

Este código deontolóxico elabórase ao longo de algo máis dun ano e apróbbase na assemblea de Toledo de 2004. É ratificado por cada unha das entidades membros de ASEDES. Actualmente estamos nun período de difusión, aplicación e revisión do código deontolóxico do educador e a educadora social.

Ao mesmo tempo séguese a participar na redacción e propostas para a elaboración da Guía ética da Asociación Internacional de educadores Sociais (AIEJI).

En canto á **ORGANIZACIÓN DO COLECTIVO**, á creación das regras do xogo, apostamos como colectivo por un modelo de creación de colexios profesionais autonómicos, o colexio como estrutura organizativa, como instrumento que nos permita conseguir os fins propostos.

O traballo realizado na anterior federación, a través da comisión de colexios e mantido por ASEDES ao longo destes anos deu os seus froitos. Creouse o colexio de Galicia en decembro de 2000 e posteriormente Baleares (setembro 2002), Murcia (marzo 2003), Comunidade Valenciana (novembro 2003), País Vasco (decembro 2003), Castela - A Mancha (abril 2004), Castela e León (marzo 2005), Andalucía (maio 2005).

Nestes momentos, o número de colexios profesionais é superior ao de asociacións profesionais, feito que levou a ASEDES a facer unha reflexión sobre o futuro marco do asociacionismo estatal. En dita reflexión plantexouse a creación dun organismo estatal de representación de colexios profesionais, o Consejo General de Colegios de Educadores y Educadoras Sociales, rexido polo dereito público e con máis posibilidade de incidencia, no desenvolvemento da profesión e na defensa dos profesionais.

Presentada formalmente a solicitude de constituír o Consejo General de Colegios de Educadores y Educadoras Sociales, reflexionamos na actualidade sobre unha proposta de documento de modelo para o período transitorio ASEDES-Consejo General de Colegios. Mentres a comisión creada para este fin traballa un primeiro borrador de estatutos provisionais.

O movemento estatal unha vez máis nalgún sentido está a punto de cumprir a maioría de idade, temos xa, polo menos, “a maioría de colexios”, de feito cumpríuna, só lle falta recibir os papeis para emanciparse, establecerse pola súa conta, con herdanza pero cun proxecto de vida novo,. Haberá que montar unha nova casa e organizar o modo de que caibamos todos unha vez máis, para dende aí, traballar polo vellos retos, polos novos logros, traballar polas utopías posibles.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none">✓ Toma de contacto cos novos membros da Xunta de Galicia. Celebración de audiencias con:<ul style="list-style-type: none">- Secretaria Xeral do Benestar Social.- Director Xeral da Función Pública.e solicitude de audiencia coa Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e co Vicepresidente de Igualdade e Benestar.✓ Grupo de traballo de Familia. Toma de contacto cos educadores/as interesados e celebración dunha primeira xuntanza na sede do CESG.✓ Tramitación das primeiras solicitudes de habilitación ao CEESCyL (Colegio de Educadores y Educadoras Sociales de Castilla y León) e de traslados de expediente ao mesmo. | <ul style="list-style-type: none">✓ Creación dun ficheiro automatizado ("Remesas") que contén as remesas bancarias dos semestres do ano en curso en base MS-DOS. Inscripción do mesmo na Axencia Española de Protección de Datos.✓ Presentación dun recurso de reposición contra as bases para a contratación laboral temporal a tempo parcial de duración determinada dun Animador Cultural no Concello de Cerceda (BOP A Coruña, nº 184 de 12 de agosto de 2005).✓ Organización do espazo de encontro: Ámbito adicións. |
|---|---|

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG:

- Revista "Perfiles. Revista general de política social" Nº 212. Setembro 2005. ONCE.
- "Boletín Xove de Información e Emprego Xuvenil". Nº 136. Setembro 2005. Xunta de Galicia.
- "Boletín Xove de Información e Emprego Xuvenil". Nº 135. Agosto 2005. Xunta de Galicia.
- *Memoria 2004*. Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado. Xunta de Galicia.
- "Boletín Aldizkaria" Nº 120. Xullo 2005. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- "Directorio de centros". 1º semestre 2005. Xunta de Galicia
- "Directorio das oficinas de información xuvenil e para o emprego". 1º semestre 2005. Xunta de Galicia
- "Directorio das fundacións e entidades de iniciativa social". 1º semestre 2005. Xunta de Galicia
- *IV Congreso Estatal do/a Educador/a Social. Políticas socioeducativas: retos e propostas para o século XXI*. Libro de Actas. 4 exemplares en galego e 4 en castelán. Tamén en formato CD.

ARTIGO DE INTERESE

AIRES NOVOS E VELLAS ASUNTOS PARA AIREAR

Este ano, a volta ao traballo despois das vacacións márcanos un ritmo moito máis intenso do que é habitual: ademais de retomar os asuntos que deixamos aparcados antes das vacacións, á volta atopámonos cun novo goberno, polo que estamos obrigados a replantexar moitos dos asuntos que quedaron enriba da mesa coa anterior administración.

Dende o Colexio, enviamos un montón de cartas felicitando aos/ás recén nomeados/as conselleiros/as, directores/as xerais, secretarios/as... E tamén comezamos a escribir e a chamar para iniciar contactos cos responsables de xestión que afectan dun xeito máis directo á nosa profesión.

O primeiro que habería que constatar é, ou polo menos parece, o interese por tomar contacto connosco, por escoitar os nosos plantexamentos. Incluso vémonos gratamente sorprendidos cando a iniciativa de tomar contacto ten lugar dende o novo goberno.

Concretamente, nestas semanas, témonos reunido coa Secretaria de Benestar Social, a iniciativa da súa responsable, D^a María Xesús Lago Vilaboa, que plantexa o seu desexo de tomar contacto coas entidades máis relevantes que teñen incidencia na área baixo a súa responsabilidade, entre os que nos atopamos nós, e proponnos participar nun grupo de traballo no que imos plantexar as prioridades nesta área. Ademais falamos da necesidade de revisar a lexislación en materia de servizos sociais, da necesidade de establecer protocolos de actuación para as diversas áreas, a necesidade dunha boa coordinación, a necesidade dun traballo multidisciplinar no que teñamos cabida os educadores/as sociais...

Reunímonos tamén co Director Xeral da Función Pública, D. José Rodríguez González, ao que presentamos novamente a nosa solicitude para que se reconvertea en Educador/a Social a categoría de "Educador/a / Mestre/a Especial", que contempla o Convenio Único para o persoal laboral da Xunta, e se contemple como requisito de acceso a esta categoría ser Diplomado en Educación Social ou habilitado/a como tal, pois ata agora estaba aberta a diplomados en maxisterio, pedagogía, psicología...

A semana próxima visitaranos o Vicepresidente, D. Anxo Quintana González para escoitar as nosas demandas en relación a área que coordina.

O que desexamos é que este cambio na disposición dos responsables da Xunta se traduza en breve en acordos concretos que supoñan unha mellora significativa na situación dos servizos sociais (aínda que tamén temos pendentes encontros con responsables das áreas de educación, saúde...) e da nosa profesión.

Alfonso Tembrás
Tesoureiro do CESG

FORMACIÓN CONTINUA

PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS PARA MEDIADORES/AS SOCIAIS

Organiza: Escola Pública de Animación e Educación no Tempo Libre Infantil e Xuvenil.

Lugar: Madrid.

Datas: 18 de outubro a 3 de novembro.

Información: www.madrid.org/escueladeanimacion

escueladeanimacion@madrid.org

Tel.: 91 598 00 97

6ª ESCOLA DE OUTONO SOCIDROGALCOHOL

Organiza: Socidrogalcohol.

Datas: Do 10 ao 12 de novembro.

Lugar: Benidorm.

Información: www.socidrogalcohol.com

inscripciones@gamacongresos.com

Tel.: 963 15 57 80

CONGRESO: ADOLESCENTES QUE TRANSGREDEN. POSIBILIDADES E LÍMITES DA INTERVENCIÓN

Organiza: Deputación foral de Bizkaia.

Lugar: Bilbao.

Datas: 26, 27 e 28 de outubro.

Prezo: 100 €.

Información: www.neraberazoa.com

s.sarasua@murgibe.com

Tel.: 94 476 5166

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS CURSOS DE I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL

- 1) **CURSO BÁSICO DE INT. SOCIOLABORAL** (100 h.) (A distancia)
Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselle un desconto do 10% aos/as colexiados/as do CESG.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

- 2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.) (A distancia)
3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.) (A distancia)
4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLLEMENTOS** (125 h.) (A distancia)
5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.) (A distancia)

Organiza: I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso nº 1 (sen esp.)	Cursos nº 2, 3 e 4	Curso nº 5
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €

Aplicaráselle un **desconto do 10%** aos/as colexiados/as do CESG.

Información: I.S. Intervención Social

C/ Peñalara, 15, baixo esq.

41005 Sevilla.

Tel.: 954 933807 // Fax: 954 933808

formacion@intervencionsocial.com

www.intervencionsocial.com

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello da Pastoriza (Lugo): Oferta de emprego público para 2005. Unha praza de encargado de biblioteca e de actividades culturais e xuvenís. (DOG de 7 de setembro)

Concello de Salamanca: Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Dúas prazas de Técnico Grao Medio de Servizos Sociais. (BOE de 21 de setembro)

Concello de Zaragoza: Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Técnico Medio de Educación e Divulgación Medioambiental. (BOE de 21 de setembro)

Concello de Cáceres: Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Educador Social. (BOE de 21 de setembro)

Concello de Coristanco (A Coruña): Bases para a contratación dun Animador Cultural. (BOP de 22 de setembro)

Concello de Teulada (Alicante): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Técnico de Xuventude Grao Medio. (BOE de 22 de setembro)

Concello de Almoradí (Alicante): Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Axente de Desenvolvemento Local. (BOE de 22 de setembro)

Concello de La Zubia (Granada): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Técnico Medio de Emprego e Desenvolvemento Local. (BOE de 23 de setembro)

Concello de Zaragoza: Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Técnico Medio de Actividades Didácticas. (BOE de 23 de setembro)

Concello de Poio (Pontevedra): Oferta de emprego público para 2005. Unha praza de Animador Sociocultural. (BOE de 7 de setembro)

Concello de Tordoia (A Coruña): Bases para a contratación dun Animador Cultural. (BOP de 24 de setembro)

Concello de Vedra (A Coruña): Bases para a contratación dun Animador Cultural. (BOP de 24 de setembro)

Deputación Provincial de Córdoba: Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Técnico Medio de Cultura. (BOE de 24 de setembro)

Comarca Baixo Aragón-Caspe (Zaragoza): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Técnico de Xuventude. (BOE de 26 de setembro)

Concello de Betanzos (A Coruña): Bases para a contratación dun Animador Cultural (BOP de 27 de setembro)

Concello de Trazo (A Coruña): Bases para a contratación dun Animador Cultural (BOP de 29 de setembro)

Concello de Outes (A Coruña): Bases para a contratación dun Animador Cultural (BOP de 30 de setembro)

Concello de Rois (A Coruña): Bases para a contratación dun Animador Cultural (BOP de 3 de outubro)

OUTROS

Consellería de Familia, Xuventude, Deporte y Voluntariado: Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. (DOG de 16 de agosto)

Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais: Real Decreto 891/2005, de 22 de xullo, polo que se crea e regula o Consello do Pobo xitano. (BOE de 26 de agosto)

Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais: Resolución da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade, pola que se convoca a concesión de subvencións, nas áreas de Familias e Infancia durante o ano 2005. (BOE de 20 de agosto. Corrección de erros no de 8 de setembro)

Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais: Resolución da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade, pola que se convoca a concesión de subvencións, na área de atención a persoas con discapacidade, durante o ano 2005. (BOE de 19 de agosto. Corrección de erros no de 8 de setembro)

Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais: Resolución da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade, pola que se convoca a concesión de subvencións, na área de Servizos sociais, durante o ano 2005. (BOE de 19 de agosto. Corrección de erros no de 8 de setembro)

Ministerio do Interior: Orde INT/3012/2005, pola que se establecen as bases reguladora da concesión de subvencións para a colaboración na execución e seguimento das medidas alternativas á pena privativa de liberdade e determinados programas de atención social. (BOE de 30 de setembro)

OUTRAS CONVOCATORIAS

OFERTAS DE EMPREGO DE

Oferta Nº 951699 **Localidade:** Vigo **Provincia:** Pontevedra

Posto ofrecido: **Monitor/a de tempo libre.** Para realizar actividades con nenos, a xornada completa. Imprescindible dispoñibilidade para desprazarse por España. Ata 35 anos.

Para contactar: 988391525 e 902116039 (TELEMPREGO CIMO)

OFERTAS DE EMPREGO

XENEME INTERVENCIÓN SOCIAL selecciona educadores/as sociais.

Categoría profesional: Diplomados/as en Educación Social.

Interesados enviar currículum vitae (interesa con foto) a:

Xeneme Intervención Social

Av. Rodríguez de Víguri Nº 12 - 2º A

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Subvenciona:

